

REFORMULANDO A POLÍTICA PROVINCIAL – MANUEL BALTAR

Fórum Nueva Economía, Compostela 28 setembro 2015

Moi bo día a todas e a todos,

Grazas Presidenta do Consello Económico e Social de Galicia, querida Corina, polas túas verbas e por pronuncialas no día de hoxe,

Grazas ao Fórum Europa, Tribuna Galicia por convidarme unha vez máis, e xa van catro nos cinco últimos anos, para facer públicas ante todos vostedes unha serie de reflexións.

Reflexións que nacen da observación dos acontecementos, do exercicio das responsabilidades institucionais e políticas que ostento e do meu compromiso persoal con Ourense e con Galicia.

VEÑO A FALAR DO ESCENARIO GLOBAL.

Mal sabía James Carville, o asesor de Bill Clinton na campaña de 1992 que acabou por movelo do sillón de gobernador de Arkansas ao Despacho Oval do número 1600 da Avenida Pennsylvania que cando dixo “¡É a economía, estúpido!” estaba inaugurando unha forma de referirse ás forzas e dinámicas que están detrás, e por diante, da realidade. Era naquel caso a economía, pero tamén poderíase aplicar nos últimos tempos referíndonos á xeopolítica.

Unha actualidade cambiante en segundos, case diríamos en tweets. Que nos fai ser espectadores, por exemplo, dos obstáculos que debe superar a Bolsa: a situación de China, os procesos electorais, ou a suba de tipos pola Reserva Federal onde Janet Yellen, a primeira muller en dirixila, ten un comprometido papel.

Contemplan o auxe da chamada “economía colaborativa” (alugueres e préstamos entre particulares). Estar atentos á denominada “cuarta revolución industrial” (é recente a presentación dun Plan Estratégico para a Industria 4.0)

Un mundo global onde Martin Wolf (xefe de economía do Financial Times) escribe en “La Gran Crisis: cambios y consecuencias” que a gran cantidade de regulación é insuficiente e a enxeñería financeira adianta ás leis que son moito máis lentas.

Unha era onde se fala de economía sostible. Mais medrar por medrar xa non é suficiente.

A sociedade esixe que as empresas protexan o medio ambiente. Un momento no que parece obrigado que crecemento económico e desenvolvemento sostible poidan reconciliarse. Condicións que desenvolve no seu último traballo Jeffrey Sachs, catedrático da Columbia University, en “A era do desenvolvemento sostible”, un estudio moi recomendable.

O momento da eclosión do chamado “cidadán enerxético”, estando moi próxima no tempo a Conferencia sobre o clima da ONU en París (do 30 de novembro ao 11 de decembro)

que seguramente influirá nas políticas que os gobernos locais terán que proxectar na área da enerxía, tanto no deseño das cidades do futuro como no da resposta ás necesidades sociais.

Un momento con retos, con visión a medio e longo prazo. Con oportunidades. Mais tamén con cuestións que debemos afrontar como o que eu considero maior problema que non é outro que a crise demográfica, que leva aparellada unha consecuencia política clara: a perda de peso específico dun territorio.

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, en 35 anos, a poboación galega estará en niveis de 1900 perdéndose case o 40 % da poboación actual. Unha grave ameaza que esixe un gran pacto político con medidas urxentes a tódolos niveis territoriais. Aprobar unha folla de ruta común inatacable, sen terreo para a demagogia, sen frivolidade política, sen utilización partidista. Con actuacións que equilibren o territorio, que non abran máis fendas e que reduzan as existentes.

Nós, na Deputación, elaboramos un catálogo de medidas e hai 72 horas, cos orzamentos de 2016, aprobamos, entre outras cousas, o primeiro plan de apoio á natalidade. Porque somos conscientes de que a poboación é a materia prima esencial dun país. O dicía Celso Emilio Ferreiro en Viaxe ao País dos ananos: "A terra quere pobo para ser fecundada".

1-VEÑO A FALAR DE MUNICIPALISMO

DECLÁROME ABERTAMENTE MUNICIPALISTA. Nun novo cuadrienio político que ven de inaugurarse trala celebración das eleccións locais do pasado 24 de maio. Somos un total de 67.611 concelleiras e concelleiros os que tomamos posesión no conxunto do Estado.

E non debe esquecerse que concellos e deputacións reduciron en catro mil millóns de euros a súa débeda financeira dende 2012, colocándose en situación de supéravit grazas á aplicación da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e sendo tamén importante a redución do período medio de pago a provedores. Non é casualidade que a axencia de rating Standard and Poor's sinalara que as entidades locais españolas posúen unha forte solvencia que tenderá a fornecerse nos vindeiros dous anos porque os cambios normativos en materia de estabilidade orzamentaria e erradicación da morosidade amósanse efectivos".

A política local é a política real. A política do cidadán. A política do territorio máis próximo.

Eixos fundamentais: as persoas no centro da nosa acción política pero tamén poñer en valor un discurso do territorio. Fuxir de falacias como a expresión "reequilibrio territorial" que supón recoñecer un equilibrio anterior cando tal cousa non sucedeu. A Constitución fala de EQUILIBRIO TERRITORIAL, de solidariedade, de pensar en clave estratéxica para non favorecer sempre a uns territorios en detrimento doutros.

E vaia o meu recoñecemento a concelleiras e concelleiros, alcaldes e alcaldesas, eses que saben que ser alcalde é bastante máis que reduci-lo déficit ou o prazo de pago medio a

provedores. A política é algo máis. A política entra no terreo dos sentimentos e das emocións, das aspiracións do colectivo, dun benestar que non se mide só coas estatísticas.

Gobernar un concello tamén é liderar persoas. Por iso apostamos no goberno provincial pola política. Por iso, por primeira vez, unha partida orzamentaria en 2016 se denomina “formación dos cargos públicos locais electos”. Por iso neste mes de outubro celebraremos unha xornada sobre liderado político (a primeira destas características que organiza no Estado a Fundación Democracia e Goberno Local). Por iso tamén, e tamén en outubro, alcaldes-alcaldesas-concelleiras e concelleiros de Ourense serán chamados a unha xornada na que o Profesor Jiménez Asensio presentará a súa obra “Cómo dirixir un concello”. Porque quero dirixentes ben formados, con información, con coñecementos, actualizados. Para xestionar mellor cada céntimo de euro de diñeiro público.

E nesas accións porase de manifesto que o gobernante que dedica a atención debida e continuada aos problemas “da máquina” (e cando digo máquina refírome á súa organización e ás persoas) está investindo no futuro e tecendo concello. Por iso a política municipal, o contacto permanente cos dirixentes dos concellos, alcaldes e concelleiros, proporciona a seguridade de contar co pulso dun territorio, dunha provincia. O contacto reiterado ao longo do mes, do ano, do mandato. Falar cunha media diaria de 16 alcaldes ou alcaldesas proporciona unha foto moi aproximada da realidade e das expectativas dunha comunidade.

2-VEÑO A FALAR DA INNOVACIÓN NA POLÍTICA. É POSIBLE INNOVAR

O fin último da política é a innovación. Solucións aos problemas e novos retos para a sociedade. Ser capaces de poñer en marcha procedementos relacionados coas aspiracións do colectivo. Facer máis forte día a día as institucións dende unha ilimitada interacción coa cidadanía abrindo tódalas canles posibles de participación.

Innovación que non é a política de ocorrencias ou de titulares fáciles. Innovación non é dicir o que a xente quere ouvir. Innovar non é o máis doado. Innovar é facer unha aposta pola continuidade dunha medida administrativa de éxito. A política non é flor dun día. A política consolídase co paso do tempo e está relacionada coa imaxinación.

Está todo inventado cando vemos operacións políticas fáciles que basean todo o seu operativo en atacar a un sistema que facilitou a prosperidade dun pobo. Non esquezamos o caso de Jon Gnarr, humorista islandés que en 2009 creou o “Partido Mellor” (para poñer en evidencia aos partidos tradicionais), simpático polo seu nome, e que gañou as municipais de 2010 en Reikiavik co 35 % dos votos, gobernando de 2010 a 2014, momento no que Gnarr renunciou a revalidar a alcaldía e a súa formación pasou de 6 a 2 concelleiros... Xa non foron o “partido mellor”.



3-VEÑO A FALAR DA PROVINCIA. E A PROVINCIA NON É SÓLO UNHA CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL.

A provincia existe e tamén os intereses provinciais, e un goberno que, constitucionalmente, está chamado a gobernala e o fai. Ese é o marco de xogo. Uns gobernos, as deputacións, que xa non están sendo tan atacadas dende o 24 de maio..., será porque descendeu notablemente o número delas gobernadas con maioría absoluta polo Partido Popular? Velaí a coherencia dalgúns. Tratábase de completar a frase: “hai que acabar coas deputacións... gobernadas polo partido popular”.

E na política provincial existen dúas palabras clave: VISIÓN E COOPERACIÓN.

Para min a máis importante é VISIÓN. E saúdo a tese doutoral que estase a elaborar na Universidade Galega, polo Sr.Jardón Ferreiro baixo a dirección do Doutor Orosa, sobre a creación dunha marca territorial baseada na identidade competitiva como estratexia de posicionamento xeolocal: a Ourensanía.

Unha tese que terá a oportunidade de expoñerse en México, na Universidade Autónoma de Ciudad Juárez, no XV Congreso Internacional sobre Integración Rexional, Fronteiras e Globalización. Unha oportunidade para estudar a aplicabilidade dos postulados teóricos do Place Branding aos 7273 km² do territorio ourensán.

E a COOPERACIÓN é a nosa actitude. Cos cidadáns e coas outras administracións a calquera nivel territorial. Practicando nos concellos a fusión de servizos e chegando a acordos con outros gobernos para executar plans onde non hai outro obxectivo que a prestación de servizos públicos de calidade. Cooperar cos concellos, coa Xunta de Galicia, co Estado... con outras Deputacións como o camiño que levamos andado xunto co goberno provincial de Lugo para a declaración como Patrimonio Mundial pola UNESCO da nosa Ribeira Sacra.

4-VEÑO A FALAR DA TRIPLE REFORMA ELECTORAL DEMANDADA: COMPETENCIAL, ELECTORAL E DE FINANCIAMENTO.

Dende o minuto un da miña toma de posesión como Presidente do goberno provincial de Ourense, cúmprense hoxe 1330 días, reivindicuei unha tripla reforma no mundo local. A primeira delas xa se levou a cabo, a competencial, na liña do aseverado por Mariano Rajoy no seu discurso de investidura cando proclamou “unha administración, unha competencia”.

Consegiuse a reforma competencial coa Lei 27/2013 que reforzou o papel das deputacións, unha norma por certo á que a Deputación de Ourense presentou as oportunas achegas, aprobadas en Xunta de Goberno.

A segunda reforma, a electoral no réxime das deputacións, é unha constante nas miñas intervencións públicas e mesmo desenvolvidas en “Falemos de Ourensanía”, a obra que publiquei en 2013. Que os cidadáns elixan a deputadas e deputados provinciais, como elixen a parlamentarios autonómicos e nacionais e, por suposto, aos concelleiros e concelleiras.

E a terceira, a reforma do financiamento local, seguro que formará parte da axenda política neste cuadrenio político 2015-2019. Xa o anunciei estes días, preguntado sobre todo trala miña elección como membro da Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias, e aproveito para agradecer o apoio dos meus Presidentes en tal elección.

É o momento de abordar a reforma do sistema de financiamento de comunidades autónomas e entes locais. Unha abordaxe que debe practicarse de xeito simultáneo: subsistema autonómico e subsistema local. Ao mesmo tempo para que non haxa preponderancia de un sobre o outro e para deseñalo tendo en conta unha perspectiva de conxunto, ideal para a acción política duradeira. Pensemos sempre no medio e longo prazo e fuxamos do curtopracismo. Un momento histórico no que chegou tamén a obriga de contar co municipalismo español no Consello de Política Fiscal e Financeira. Será entón o momento de completar a frase citada e falar de “unha administración, unha competencia, un financiamento”-

5- VEÑO A FALAR DA COHERENCIA, ACTITUDE OBRIGADA EN POLÍTICA. DE REIVINDICAR A ELECCIÓN DIRECTA POLOS CIDADÁNS E ACTUAR COMO SI FORA UNHA REALIDADE.

Os cidadáns teñen que sentirse partícipe do rumbo das institucións democráticas. E a ferramenta ineludible é o seu voto. Por iso deben tamén votar a deputadas e deputados provinciais. Porque teñen que saber quén e qué pretenden facer cos gobernos das provincias. Coñecer a identidade de quen as quere presidir, a qué partido pertence e qué programa de goberno –qué visión de provincia- presentan para o seu apoio electoral.

Unha reforma que propoño nas citas correspondentes da miña formación, que vai na liña da apertura cidadán de institucións que poden ser tremendamente útiles, e o son, pero que precisan rachar con esta anomalía democrática.

No primeiro debate de Galicia sobre o estado dunha provincia, celebrado en Ourense o pasado 14 de novembro, os daquela tres grupos políticos aprobaron unanimemente a miña proposta para instar ás Cortes Xerais a modificar a lei electoral nesa dirección.

Para que os cidadáns visualizaran a coherencia do que propuña actuamos como si esa reforma, que chegará máis cedo que tarde, xa se producira. O Comité electoral provincial propúxome candidato á presidencia da deputación. O día de convocatoria das eleccións no BOE presentei o meu programa electoral (Ourense 15-19) que agora xa é programa de goberno e que contén 77 medidas innovadoras que se implementarán no mes e no ano que o cronograma que se xunta indica. Nun proceso transparente que pode seguir calquera cidadán pois tales compromisos (contido e prazos) están a disposición na web da institución.

E presentei publicamente a candidatura ante o meu partido. E fixemos unha campaña electoral pedindo o apoio para que se vira a dobre utilidade dun voto popular: para un proxecto de concello e para a Deputación dos próximos catro anos.



O 24 de maio abríu un escenario onde pasei de ser o presidente de deputación galega con menos tempo no cargo ao presidente decano dos gobernos provinciais galegos. Por obra e gracia das urnas.

As negociacións para conformar goberno provincial duraron once horas, exactamente as que transcorreron dende a apertura dos colexios electorais ata o seu peche. Un acordo cos cidadáns de Ourense. Non presidentes sorpresa nin presidentes por comenencia. Presidente que quería ser presidente. Non perder nin un minuto dende o escrutinio.

E, ás 72 horas do escrutinio, propuxen ao comité electoral provincial os nomes das deputadas e deputados que conforman o meu goberno. Antes que nunca e antes que ninguén. Outra actitude valorada en política: a seguridade.

6- VEÑO A FALAR DUN MODELO DE DEPUTACIÓN. Modelo visible dende a observación dos Plans Ourense-92 e Ourense 15-19

Veño a falar de rigor económico. De reducir o endebedamento da institución do 116 % ao 32 % na actualidade. E será CERO o 26 de maio de 2019, data das vindeiras eleccións locais, agardo que tamén provinciais.

Veño a falar de reducir o prazo medio de pago a provedores dos 180 días aos 17 actuais ou dos importantes axustes en materia de persoal, incluído o primeiro ERE dunha administración pública en España. Veño a falar do remanente de tesourería máis alto da historia da institución trala xestión orzamentaria de 2014: 25 millóns de euros.

E veño a falar de aprobar, antes que ningunha outra administración en España, os orzamentos de 2016, feito que se produciu o pasado venres 25 de setembro. Traballo planificador, traballo previsible e seguridade para concellos e cidadáns: orzamento plenamente executable dende o 1 de xaneiro de 2016.

Un goberno provincial posicionado no conxunto dos 45 de España: na comisión permanente da Fundación Democracia e Goberno Local, no comité de dirección da Federación Nacional de concellos con centrais hidroeléctricas, a entrada este venres día 2 no consello político de Partenalía (organización europea de gobernos locais), na Xunta de Goberno da FEMP... Unha deputación que, xunto á de Badaxoz, foron as únicas de España convidadas a intervir no Comité das Rexións para falar do proceso interno de transformación para contribuír a transformar a provincia e dos catro proxectos que temos presentados diante do novo escenario de financiamento comunitario: Plan Termal, Provincia Intelixente, Axencia Provincial da Enerxía e do Medio Ambiente e Plan de Competitividade.

7- VEÑO A FALAR DUNHA DEPUTACIÓN PARTICIPATIVA E TRANSPARENTE

A transparencia e a participación cidadá como liña estratéxica institucional. O di Transparencia Internacional que nos situou no posto tres dos 45 gobernos provinciais de España. Situación na que afondamos para aprobar o primeiro código ético dun goberno



provincial e o único que conta cun comité de ética que vela polo seu cumprimento: cinco persoas, só un funcionario da deputación que non vota, e un representante de Transparencia Internacional.

Aprobamos a primeira ordenanza de transparencia de España anticipándonos ás obrigas da lei estatal. E o pasado venres aprobamos en pleno un convenio marco para asistir e cooperar os concellos da provincia nesta materia. Tamén os primeiros.

E vimos de propoñer novos índices de transparencia que temos cubertos por tratarse de innovacións que acometemos nos últimos tempos: app móbil da deputación, retransmisión de plenos, comisións, aperturas de plicas en mesas de contratación, sorteo de membros dos tribunais en probas de emprego público, o vídeo-blog do presidente, unha ferramenta como a vídeo-acta, a carta de servizos máis completa de España, etc.

Unha actitude, unha liña estratéxica institucional, a transparencia, que habita nun piar inexcusable na democracia tal e como a entendemos hoxe en día. Unha democracia actual na que, seguindo o pensamento de Jurgen Habermas, temos que escribir con letras maiúsculas verbas como SOCIEDADE, DIÁLOGO, ÉTICA, PARTICIPACIÓN, DELIBERACIÓN E INCLUSIÓN. Cuestións que desenvollei cando falei e escribín da “democracia substantiva”.

Nos próximos tempos poremos en marcha a primeira plataforma provincial de participación cidadá do Estado. Unha das medidas do “Plan Ourense 15-19”.

8- VEÑO A FALAR DUNHA DEPUTACIÓN QUE LEVE A INICIATIVA. UN GOBERNO PROVINCIAL PROACTIVO.

Con exemplos como a Primeira Conferencia Nacional de Presidentes de Gobiernos Provinciais que organizamos en Ourense en 2014 en colaboración coa Fundación Democracia e Goberno Local.

Exemplos como o recente, hai 21 días, primeiro cumio provincial de alcaldes e alcaldes da provincia de Ourense. Todos xuntos para escoitar á Deputación os seus plans neste cuadrinio político e para que a Deputación escoitara as propostas supramunicipais de quen quixo intervir.

Con exemplos na esfera da colaboración público-privada como a xuntanza celebrada hai unha semana en Manzaneda con sinalados representantes de empresas ourensás líderes nos seus sectores, todos eles con protagonismo dabondo no futuro da provincia.

9- VEÑO A FALAR DUNHA PROVINCIA DE OURENSE DE GALICIA. DE OURENSE EN GALICIA PERO TAMÉN DE GALICIA EN OURENSE.

Falaba Núñez Feijóo o outro día da “clarividencia dos galegos”, sen dúbida compartida polos ourensáns, que ademais contamos co punto máis alto de Galicia (Pena Trevinca 2.127 metros), o que une á clarividencia citada unha perspectiva notable que sen dúbida axuda a facer unha análise máis completa das situacións.



Por iso dedicaremos estes catro anos a seguir poñendo en valor e potenciar infraestruturas provinciais que responden a proxectos de ámbito autonómico. Por iso falamos da Estación de Montaña de Galicia en Manzaneda, onde volve a Deputación a ser accionista.

Falamos da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia en Leiro

Falamos do Parque Tecnolóxico de Galicia en San Cibrao das Viñas. A Tecnópole: creada en 1992, conta con 90 firmas -25 lograron dar o salto ao exterior-, que facturan 155 millóns de euros e nas que traballan 1.400 persoas, a maioría con alta cualificación. Máis do 26 % das empresas traballan no sector das TIC. Incluída a compañía líder do sector aeronáutico en Galicia, por certo un mundo que tamén terá cabida, a xeito de licenciatura, no campus de Ourense da Universidade de Vigo, espazo de coñecemento con quen esta Deputación mantén unha alianza estratéxica. Un campus especializado: o campus da Auga, en simbiose perfecta coa actitude e aposta termal da nosa provincia.

Falamos do Parque Náutico de Galicia en Castrelo de Miño

Falamos do futuro Museo do Viño de Galicia en Ribadavia

Falamos do Museo Galego do Entroido en Xinzo de Limia

Falamos do Museo Galego da Emigración que esta Deputación porá en marcha nestes catro anos e que terá a súa sede no Pazo de Vilamarín.

En definitiva falamos tamén, e aquí no Hostal dos Reis Católicos con máis razón, dos nosos Camiños de Santiago: a Ruta da Prata, o Camiño de Inverno...

10- VEÑO A FALAR DE SECTORES ESTRATÉXICOS

O termalismo, aposta de presente e de futuro. Os seis balnearios abertos na provincia termal de España. Variantes como o que denomino “Termalismo deportivo”, que fai que as mellores seleccións nacionais do mundo en remo veñan a prepararse e a competir nun futuro. Falamos tamén dunha nova vertente do termalismo: a solidariedade. Vimos de presentar en Termatalia, constituída en capital mundial do termalismo, o proxecto “Smiley Water”. Cun Plan Termal que conta cun Consello Termal que controla o seu cumprimento e onde están representadas tódalas administracións e máximos representantes do sector.

Falar de Ourense é falar da lousa, falar do viño coas súas catro denominacións de orixe (xermolo da marca Ourense que queremos desenvolver no ámbito agro-alimentario), falar de turismo con novas variantes como ese astro-turismo que fai que contemos na Veiga cun dos 14 destinos Starlight do mundo, o mellor miradoiro natural para ver as estrelas.

Un Ourense da innovación e do coñecemento, con empresas que fabrican autobuses que atravesan Oxford Street, que constrúen o AVE a La Meca, que fan aleróns para os avións máis grandes do mundo ou que elaboran a parte máis importante do motor dun coche –o cigoñal- nun de cada catro coches fabricados en Europa que serán 1 de cada 10 dos que se fabricarán no mundo en 2017-

O Ourense dos grandes do deseño téxtil en España, auténticas referencias nacionais e internacionais.

11-E VEÑO A DICIR QUE REFORMULAR A POLÍTICA PROVINCIAL É TAMÉN ACTUAR NO EIDO DA IDENTIDADE. CABEZA SÍ PERO TAMÉN CORAZÓN. TRABALLO SÍ, MAIS CON SENTEMENTO. VEÑO A FALAR DE OURENSANÍA.

Ese sentimento que fala de Antonio Puga, pintor barroco ourensán do século XVII, e o seu cadro en L'Hermitage, unha as pinacotecas máis importantes do mundo, sobre O Afaiador, sen dúbida un sinal da nosa identidade.

O sentimento de contar cun himno provincial, obra de Manuel de Dios, medalla de Ouro da provincia, e titulado "Ourense no solpor".

Pensar en clave das tres grandes características do meu pobo: traballador, emigrante e creativo.

Como traballadores, emigrantes e creativos son os gañadores dos Premios Ourensanía dos últimos anos: Xuíz Taín, Pai Carballo, Victoria Prego...

Actuar pensando na nosa lingua, a dos avós que temos mortos, e en clave de homenaxe aos que nos precederon pois concordo con Lisón Tolosana, o antropólogo, que asegura que "o noso común centro de gravidade creativa está en e dimana da etnografía".

Unha provincia que merece traballar por posicionala en diferentes ámbitos de atracción popular sexa o deporte (esa "Vuelta a España" de 2016 que terá a súa etapa inicial na provincia termal ou ese único equipo de España que ten asegurada a súa participación na mellor liga de baloncesto do mundo, agás a NBA, que é a ACB) ou sexa a música (van xa máis de 13 millóns de visionados do vídeo de Alejandro Sanz, o latino máis influente en twitter, gravado en Oseira, Vilamarín e Ribeira Sacra; un traballo nominado para catro Grammys Latinos que se entregarán en Las Vegas en novembro).

Unha provincia, unha deputación, que sigue con interese modelos de desenvolvemento territorial e de xestión pública como os casos de Tilburg nos Países Baixos ou Curitiba no Brasil...e moi de cerca apostas polo emprendemento como a gañadora de Israel. Sen dúbida un modelo exitoso do seu ecosistema de innovación, tratándose do país ca maior concentración de innovación e emprendemento, a maior cantidade de start ups per capita e a maior porcentaxe de PIB invertido en I+D+i para uso civil.

12- VEÑO A FALAR DA APOSTA POLA POLÍTICA, DA REIVINDICACIÓN DA POLÍTICA. Nova lexislatura: grupos, persoal, dedicacións, formación para cargos públicos electos.

A Política con maiúsculas. Esa que poderíamos encaixar na palabra POLICY, que serve a británicos e americanos para falar do que aquí entendemos por política post-electoral, da que poñen en marcha os gobernos despois das eleccións. Cando deixan atrás esa outra expresión

“politics” coa que identifican o momento anterior de programas e postulados preelectorais tentando gañar a confianza do electorado.

A POLÍTICA con maiúsculas que é a POLÍTICA DO ACORDO, do pacto, de puntos de encontro, a política permanente, aquela que non se converte en pura mercadotecnia onde xurden cada certo tempo verbas que se converten en clásicos a forza de repetilas e que moi pouco teñen que ver coa realidade e o escenario do corpo electoral... Falemos de “austeridade”, falemos de “talante”, falemos nestes últimos tempos, por exemplo, de “asimetría”.

E búscanse líderes. Paul Krugman, premio Nobel de Economía 2008, dixo logo de ver o debate último dos candidatos republicanos á presidencia norteamericana: “Quen lle vai contar á xente que temos candidatos presidenciais que fan que Bush pareza Lincoln?”.

Chegados a este punto, e á vista dos resultados das eleccións en Cataluña -xustamente hoxe, cando se abriu un período de interpretacións e de análise duns comicios que obrigarán a todos a negociar na procura de solucións posibles; iso é a política-, considero oportuno reivindicar o papel da nosa Constitución. Se se está a falar por algún de RECONSTITUIR O ESTADO, a Carta Magna é tan válida que mesmo inclúe o mecanismo que procede para reformala. Un mecanismo que esixe un procedemento e unhas maiorías, garantes da súa estabilidade, chave para a do Estado. Na Constitución está o problema, din uns. E eu digo que na Constitución está a solución. Nada hai inmutable, e a norma institucional básica do Estado reflicte perfectamente esa situación.

Nin a Constitución nin o noso Estatuto prohíben a súa modificación. Establecen as normas precisas e o número de apoios para aprobar esa reforma. Eu mesmo participei nun intento de reforma do Estatuto de Autonomía para Galicia, perfectamente posible e nalgúns aspectos necesarios para adaptalo á realidade que non é a de 1981. España ten a Constitución que quere e terá a Constitución que queira. E Galicia ten o Estatuto que quere e terá o Estatuto que queiran galegas e galegos. Nunca é tarde para o diálogo e a negociación cando existe vontade política. Así é como aparecen puntos de encontro e intereses comúns.

O que teño claro é que calquera reformulación territorial do Estado deberá asentarse en sólidas bases que dean maior flexibilidade ao modelo do Estado das Autonomía sen improvisacións nin saltos no baleiro.

Pero estamos nun tempo de transformacións que require avances no afianzamento dos alicerces institucionais; desde os Concellos, integradores e coordinadores das parroquias (cerne da nosa peculiar organización territorial), pasando polos Gobernos Provinciais, pendentes aínda das reformas ás que antes fixen referencia e, por último un impulso do autogoberno si é que a maioría do arco parlamentario galego o ten a ben.

Retomemos ese camiño con grandeza e cara a diante, sen desandar nada do percorrido, subsanando as eivas, aspirando a completar o noso teito competencial, sen terlle medo ás palabras e aos conceptos que elas nomean e designan. A vella nación de Breogán, o chao patrio que defenderon Curros Enríquez, Lamas Carvajal, Losada Diéguez, toda a Xeración Nós e tantos outros ourensáns.



Reconquistar Galicia para si mesma coa sensatez e a firmeza intelectual do pensamento e da acción dun galeguista exemplar, Carlos Casares. Que non dubidou en asumir responsabilidades políticas, cando foi necesario, para axudar a construír o país soñado, a nación das palabras.

Desde Galicia, conscientes da personalidade colectiva do noso pobo, unha comunidade humana que foi dando as súas respostas ao longo de máis de tres décadas de autonomía, construíndo un modelo propio, o noso, lonxe dos cantos de serea e sen se deixar seducir por minorías que predicán un soberanismo mimético e importado; de costas e alleo a unha realidade política, económica, social e cultural que avanzou de seu, con sentidiño e cos pés na terra.

Unha sociedade, a galega, aberta ás transformacións e respectuosa coa tradición. A Galicia aldea e a Galicia cidadán, a base rural, a base mariñeira e o pulo urbano. A Galicia do pan e do viño, a dos rebuldeiros areais da beiramar e a do grave silencio da montaña; “acabada simbolización das fontes vitais deste noso país” en acertada definición de D. Ramón Otero Pedrayo.

Os dous discursos que pronunciei tralas miñas tomas de posesión como presidente da Deputación empezaron coa seguinte frase: “Son Ourensán e Creo en Ourense”.

Este vouno rematar con outra perfectamente compatible: “Son Galego e creo en Galicia”.

Dixen.

Moitas grazas.

Levántase a sesión.